

**CANDO INMIGRANTES E GALEGOS/AS DO EXTERIOR COMPARTEN LINGUA: MANTEMENTO VS.  
TRANSFORMACIÓN DO DIALECTO DE ORIXE EN RETORNADOS/AS TRANSXERACIONAIS DE ORIXE  
HISPANOAMERICANA E FORMACIÓN UNIVERSITARIA**

CARME SILVA / NICOLA BERMINGHAM

Universidade de Santiago de Compostela / University of Liverpool

No presente traballo exploraremos algunhas das consecuencias lingüísticas e identitarias do retorno transxeracional protagonizado por persoas universitarias que, entre os anos 2017 e 2022, foron beneficiarias dunha das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (bolsas BEME) para a realización de estudos de mestrado nunha das tres universidades e sete campus da comunidade autónoma de Galicia. Esta iniciativa de mobilidade académica, situada ao abeiro da máis ampla Estratexia Retorna 2020 e que continúa na Estratexia Retorna 2023-2026, foi deseñada pensando en dous tipos de posibles destinatarios/as, todos/as eles/as posuidores/as da nacionalidade española: persoas nadas en Galicia e que estivesen vivindo no estranxeiro durante cando menos os dous anos anteriores á solicitude da bolsa, por un lado, e descendentes de emigrantes galegos/as, por outro. É especialmente notable o éxito da iniciativa na captación de candidatos/as que proceden daqueles países hispanoamericanos aos que os/as galegos/as marcharon entre finais do século XIX e os anos 60 do século XX (Cuba, Arxentina, Uruguai, México, Brasil e Venezuela, fundamentalmente). De maneira simultánea ao desenvolvemento de iniciativas como a sinalada prodúcese a chegada a Galicia de diversos colectivos de inmigrantes, moitos/as dos cales proceden igualmente de América Latina. Claramente diferenciados/as dos dous grupos anteriores mediante a Lei de impulso demográfico de Galicia (2021) e en xeral non posuidores/as da nacionalidade española ao chegaren á comunidade, os/as inmigrantes hispanoamericanos/as atópanse porén próximos/as dos/as retornados/as transxeracionais canto aos seus países de orixe e son, en moitos casos, lingüisticamente indiferenciados/as daqueles/as, cando menos no estadio inicial do proceso migratorio.

O presente traballo fórmase como contribución ao estudo da interacción entre estes tres grupos de novos/as poboadores/as, e de cada un deles/as co resto da sociedade galega. O estudo bota man de dous tipos de materiais obtidos mediante procedementos independentes. En primeiro lugar, realizouse unha compilación de documentos dispoñibles dixitalmente, de diversa natureza e con diferentes destinatarios/as (materiais institucionais, novas de prensa, artigos de xornal, vídeos publicitarios etc.), todos eles tratando cuestións relativas ás bolsas BEME. Estes materiais serven para coñecer a proposta identitaria que a Xunta de Galicia, institución promotora da acción política estudada, ten prevista para os/as retornados/as transxeracionais, mais tamén permiten analizar en que medida outros sectores da sociedade galega aceptan ou matizan (e en que sentido) tal proposta. En segundo termo, utilizouse unha metodoloxía cualitativa (entrevistas semiestruturadas con bolseiros/as BEME baixo o formato

**SIMPOSIO ILG 2023**  
**CONTACTO DE LINGUAS: IDENTIDADES E IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS**  
28-30 de novembro  
Salón de graos da Facultade de Filoloxía da USC

de “historia de vida”) para coñecer cal é a autopercepción identitaria deste subgrupo de novos/as poboadores/as. Para esta finalidade tomáronse como materiais de análise as reflexións metalingüísticas que estes/as proporcionan acerca dun tema común: a súa estratexia de mantemento (ou substitución) daqueles trazos que con maior claridade definen a súa proximidade co terceiro dos grupos migratorios mencionados, o dos/as inmigrantes latinos/as sen vínculos históricos con Galicia.